



IES "Isaac Díaz Pardo"



I.E.S. ISAAC DÍAZ PARDO  
S.A.S.

# PEC

## *Documento 1*

➔ *Contextualización*



*Contextualización*



*PEC - Documento 1*



*Contextualización*



*IES "Isaac Díaz Pardo"*

<b>1. PRESENTACIÓN</b>	3
<b>2. DATOS DO CENTRO</b>	4
<b>3. DESCRICIÓN E ANÁLISE DO CONTORNO</b>	5
3.1. CONTORNO DEMOGRÁFICO	5
3.2. CONTORNO ECONÓMICO	7
3.3. CONTORNO SOCIOCULTURAL	7
<b>4. TIPOS DE FAMILIAS</b>	7
<b>5. ALUMNADO</b>	8
5.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
5.2. CONVIVENCIA	8
<b>6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS</b>	9
6.1. RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS	9
6.2. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS	9
6.3. RELACIÓNS COA ANPA	10
6.4. RELACIÓNS CO CONCELLO	10
6.5. RELACIÓNS CON EMPRESAS	10
6.6. OUTRAS RELACIÓNS	11
<b>7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS</b>	11
7.1. PRINCIPIOS XERAIS	11
7.2. VALORES	12
7.3. PRINCIPIOS PROPIOS DO CENTRO	12
<b>8. OBXECTIVOS PRIORITARIOS</b>	13
8.1. NO ÁMBITO DO PROFESORADO	14
8.2. NO ÁMBITO DO ALUMNADO	14
8.3. NO ÁMBITO DAS FAMILIAS	15
8.4. NO ÁMBITO DO PERSOAL NON DOCENTE	15
<b>9. SINAIS DE IDENTIDADE</b>	16
9.1. ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR	16
9.2. OFERTA ESPECÍFICA	18
9.3. SERVIZOS	21
9.3.1. NORMATIVA	21
9.3.2. PLANIFICACIÓN DO SERVIZO	21
9.3.3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO	23



## 1. PRESENTACIÓN

- *Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.*
- *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, modificada por la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.*
- *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico cos institutos de educación secundaria.*
- *Orde de 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996.*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O funcionamento do IES Isaac Díaz Pardo ten como marco xeral o Proxecto Educativo de Centro (PEC).

*Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación*

*Artículo 121. Proyecto educativo.*

1. *El proyecto educativo del centro recogerá los valores, los fines y las prioridades de actuación, incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa, que corresponde fijar y aprobar al Claustro, e impulsará y desarrollará los principios, objetivos y metodología propios de un aprendizaje competencial orientado al ejercicio de una ciudadanía activa. Asimismo incluirá un tratamiento transversal de la educación en valores, del desarrollo sostenible, de la igualdad entre mujeres y hombres, de la igualdad de trato y no discriminación y de la prevención de la violencia contra las niñas y las mujeres, del acoso y del ciberacoso escolar, así como la cultura de paz y los derechos humanos.*

*El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.*

2. *Dicho proyecto estará enmarcado en unas líneas estratégicas y tendrá en cuenta las características del entorno social, económico, natural y cultural del alumnado del centro, así como las relaciones con agentes educativos, sociales, económicos y culturales del entorno. El proyecto recogerá, al menos, la forma de atención a la diversidad del alumnado, medidas relativas a la acción tutorial, los planes de convivencia y de lectura y deberá respetar los principios de no discriminación y de inclusión educativa como valores fundamentales, así como los principios y objetivos recogidos en esta Ley y en la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer y formar en la igualdad particularmente de mujeres y hombres.*

*2 bis. Los centros adoptarán las medidas necesarias para compensar las carencias que pudieran existir en la competencia en comunicación lingüística, en lengua castellana y en su caso en las lenguas cooficiales, tomando como referencia el análisis realizado previamente e incluyendo dicho análisis y tales medidas en su proyecto educativo.*

*Las Administraciones educativas adoptarán las iniciativas necesarias para facilitar a los centros la aplicación de dichas medidas.*

*2 ter. El proyecto educativo incorporará un plan de mejora, que se revisará periódicamente, en el que, a partir del análisis de los diferentes procesos de evaluación del alumnado y del propio centro, se planteen las estrategias y actuaciones necesarias para mejorar los resultados educativos y los procedimientos de coordinación y de relación con las familias y el entorno.*

- 3. En el marco de lo establecido por las Administraciones educativas, los centros establecerán sus proyectos educativos, que deberán hacerse públicos con objeto de facilitar su conocimiento por el conjunto de la comunidad educativa. Asimismo, corresponde a las Administraciones educativas contribuir al desarrollo del currículo favoreciendo la elaboración de modelos abiertos de programación docente y de materiales didácticos que atiendan a las distintas necesidades de los alumnos y alumnas y del profesorado.*
- 4. Corresponde a las Administraciones educativas favorecer la coordinación entre los proyectos educativos de los centros de educación primaria y los de educación secundaria obligatoria con objeto de que la incorporación de los alumnos a la educación secundaria sea gradual y positiva.*
- 5. Los centros promoverán compromisos educativos entre las familias o tutores legales y el propio centro en los que se consignen las actividades que padres, profesores y alumnos se comprometen a desarrollar para mejorar el rendimiento académico del alumnado.*

## **2. DATOS DO CENTRO**

Código de centro: 15026029

Denominación: IES Isaac Díaz Pardo

Localización: Rúa A Lagoa, 19 - 15160 - Sada (A Coruña)

Teléfono: 881880942

Fax: 881880946

Correo electrónico: ies.isaac.diaz.pardo@edu.xunta.es

Página web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesisaacdiazpardo/>

Na actualidade o centro oferta: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (Modalidades: Ciencias e Tecnoloxía; Humanidades e Ciencias Sociais) e Educación Secundaria de Adultos (Módulos 3 e 4).

Os programas educativos que se están a desenvolver son:




- Contratos programa.
- Proxecto E-Dixgal.
- Programa de innovación educativa: Espazo Maker.
- Programa de innovación educativa: Club de Ciencia
- Proxectos europeos de mobilidade de profesorado KA1
- Bibliotecas escolares (PLAMBE, Club de Lectura)
- Sección Bilingüe.
- Polos creativos.

### **3. DESCRICIÓN E ANÁLISE DO CONTORNO**

#### **3.1. CONTORNO DEMOGRÁFICO**

Sada é un concello densamente poboado cun crecemento de poboación continua e de tendencia constante, debido á chegada de persoas procedentes doutros municipios e de persoas inmigrantes que se instalan no concello. Conta a 1 de xaneiro de 2019 con 15.841 habitantes, 346 máis ca no ano 2018.

De seguido reflíctense os datos publicados polo INE, procedentes do padrón municipal de 2018.



### 3.2. CONTORNO ECONÓMICO

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Hacienda a renda bruta media no concello en 2017 foi de 26.787 €, 1.092 € máis ca no ano 2016, situándose entre os municipios con maior renda bruta media na comunidade autónoma.

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de novembro de 2019 o número de parados descende en 21 persoas, situándose en 927, dos que 404 son homes e 523 mulleres. O grupo de idade máis afectado polo paro é o de maiores de 45 anos, sendo o sector servizos o que concentra maior número de parados.

A actividade empresarial é reducida. O número de empresas por actividade representa o 1,27% en relación co total da provincia (IGE 2017). O 75,74% da actividade empresarial concéntrase no sector servizos.

Algúns colectivos de inmigrantes veñen acompañados da súa familia, integrándose na comunidade e rexentando os seus propios negocios.

A principal fortaleza derivada do exposto a constitúe o enriquecemento derivado da interculturalidade. As dificultades derivan do diferente nivel competencial do alumnado, en especial a competencia en comunicación lingüística.

### 3.3. CONTORNO SOCIOCULTURAL

Os datos extraídos do proxecto lingüístico do centro indican que o 52% do alumnado do centro naceu na Galicia urbana, fronte a un 27% no rural e un 21% fóra de Galicia (provén maioritariamente de países castelán falantes), feito que pode determinar a presenza do castelán como lingua materna da maioría dos proxenitores (o 32% empregan as dúas linguas).

O alumnado ten, en xeral, unha consideración positiva sobre o galego. No ámbito académico non ten prexuízos e empregará unha ou outra lingua dependendo da que teña un uso vehicular na aula. No ámbito do profesorado, aínda que a tendencia é empregar o castelán maioritariamente, hai un respecto pola lingua galega; o profesorado é bastante competente nela e carece de prexuízos para falar en galego cando o contexto é propicio. As familias teñen unha boa competencia en lingua galega e valoran positivamente que os seus fillos tamén a teñan.

No ámbito familiar, no educativo e cos amigos, a lingua empregada, en xeral, é o castelán. O ámbito académico non actúa como transmisor do idioma xa que a maioría do profesorado diríxese ao alumnado maioritariamente en castelán.

## 4. TIPOS DE FAMILIAS

A composición familiar non é un fenómeno estático.

Detalle dos últimos anos:

- Predomina a familia nuclear (arredor do 92% no curso 2017/18), composta por parella con fillos.



- Nalgúns casos, especialmente no caso de alumnado inmigrante, a familia pode ser cualificada de extensa (parella convive con fillos e outras familias consanguíneas) ou extensa composta (que ademais convive con outros integrantes sen nexos legais).
- Aumenta o número de familias
  - Reconstruídas, nas que algún membro da parella tivo parella previa e conviven con fillos de unións anteriores.
  - Monoparental, nas que un dos proxenitores convive cos fillos.

## 5. ALUMNADO

O traslado de ensinanza do bacharelato do IES Mosteirón ao IES Isaac Díaz Pardo establecida no Decreto 153/2012, de 5 de xullo, o clima de convivencia do centro e os resultados académicos do alumnado, propician que, nos últimos anos, tanto a reserva de praza como a admisión confirmen a tendencia de crecemento do centro, que supón un reto para a xestión do equipo directivo.

O centro está especialmente comprometido coa atención á diversidade, fomentando a tolerancia e o respecto ás diferenzas. Ampla oferta de materias específicas e de libre configuración autonómica.

### 5.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As características do alumnado con necesidade específica de apoio educativo é diversa. Nos últimos anos percíbese un incremento notable de alumnado que presenta Déficit de Atención con/sen Hiperactividade, receptor de medidas de atención á diversidade ordinarias combinadas con extraordinarias.

O Departamento de Orientación e o equipo directivo organizan un catálogo de medidas de atención á diversidade que priorizan a atención dos destinatarios sobre a comodidade de organización do centro.

### 5.2. CONVIVENCIA

O bo clima de convivencia (apenas o 5% das familias manifestan un empeoramento da convivencia do centro nos últimos anos, segundo o Informe “Diagnose e seguimento da convivencia escolar Curso 2015/16”) é o resultado da posta en marcha das diferentes medidas de atención á diversidade que contribúen a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado, de medidas de prevención de conflitos desenvolvidas dende as titorías baixo a coordinación do Departamento de Orientación, da comunicación fluída coas familias, ...

Nos últimos anos é unha realidade o descenso do absentismo previo a exames en bacharelato, aínda que non permite baixar a garda. Implicación absoluta do Departamento de Orientación como mediador na resolución de conflitos.

A loita contra a impuntualidade é unha batalla que precisa dun traballo diario de control e educación en hábitos. Resulta imprescindible desenvolver protocolos de emprego do móbil, destacando o seu uso como ferramenta didáctica, concienciando ao alumnado da importancia do uso racional. Traballar a importancia do valor da propiedade privada, co fin de eliminar as subtraccións de obxectos persoais.

## 6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

### 6.1. RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS.

O centro ten adscritos o CEIP Pedro Barrié de la Maza, CEIP Sada e Contornos, para a ESO e IES O Mosteirón para ensinanzas de Bacharelato. A relación é fluída.

Os Departamentos de Orientación dos centros adscritos asisten a diferentes reunións co Departamento de Orientación do Instituto co fin de facilitar o tránsito do alumnado de Primaria a Secundaria e de coordinar o proceso educativo entre as dúas etapas.

Datas clave	Xornada
1º Trimestre	Visita do alumnado de 4º ESO do IES Mosteirón e CPI Cruz do Sar co fin de coñecer o centro.
3º Trimestre	Dirección do IES xunto con Xefatura do Departamento de Orientación informan ás familias do alumnado de centros adscritos dos aspectos máis relevantes do funcionamento do centro e das características da ESO.
3º Trimestre	Xornada de presentación no IES para o alumnado dos centros adscritos co fin de dar a coñecer as instalacións e aproximarse á realidade do centro
Xuño	Reunión Departamentos de Orientación, profesorado titor do alumnado de 6º Primaria e Xefatura de Estudos co fin de compartir información que facilite o tránsito á ESO.

### 6.2. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS

O centro participa nas sucesivas convocatorias para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao *Máster en profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato , formación profesional e ensinanzas de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia*. Tamén colabora en diferentes estudos de fin de grao e máster que organizan as universidades, previa petición e xustificación pola facultade responsable.

O alumnado de bacharelato visita, baixo a coordinación do Departamento de Orientación, as distintas *universidades* co fin de organizar a toma de decisións cara ao futuro.

O centro participa nas diferentes convocatorias de formación do *Centro de Formación e Recursos*.

### 6.3. RELACIÓNS COA ANPA

Fomentar a participación dos pais e nais no proceso educativo é un obxectivo prioritario do proxecto de dirección, dado que xunto co profesorado son responsables do grao de éxito que se acade. Os responsables do alumnado están organizados na ANPA “As Brañas”, que se revela como un instrumento moi eficaz de comunicación e un colaborador de primeira orde no programa de gratuidade de libros de texto, difusión de novas, ... A comunicación vertical, co fin de ser eficaz, ten que ser bidireccional, de transmisión de informacións de interese e de propostas de mellora, ...

Relacións fluídas coa ANPA. Mellora da comunicación en tempo real equipo docente-familias grazas ao emprego da aplicación abalarMóbil.

### 6.4. RELACIÓNS CO CONCELLO

As relacións co Concello son frecuentes e fluídas.

Así, previa autorización da Xefatura Territorial, facilítase o uso de instalacións por parte do centro á:

- Concellería de Educación e Deportes (pavillón para desenvolver actividades no marco das Escolas Deportivas Municipais)  
O Concello de Sada adheriuse no curso 2016/17 ao Convenio Marco da FEGAMP que determina deberes e obrigas para ambas as partes e designa un responsable do concello durante o desenvolvemento das actividades.
- Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego (aulas no marco do Plan de Formación Municipal para o Emprego).

É fundamental o traballo conxunto da dirección do centro e do Departamento de Orientación cos servizos sociais que serven de apoio ao Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O Concello colabora facilitando a organización de actividades do centro mediante a cesión da Casa da Cultura Pintor Lloréns, Capela de San Roque, ... ao tempo que, mediante a sinatura dun convenio anual, facilita financiación para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

### 6.5. RELACIÓNS CON EMPRESAS

O contacto coas empresas está vinculado aos programas Eduemprende e Lanzadeiras que nas últimas convocatorias propiciaron o desenvolvemento de miniempresas no centro ligadas a I+D+i, grazas ao compromiso e traballo dos Departamentos de Tecnoloxía e Economía, acadando importantes logros en cada unha das edicións. Trátase dunha experiencia consolidada que favorece a consecución das competencias clave de materias como Robótica, Tecnoloxía e Economía da Empresa.

Ademais nas programacións de diferentes departamentos planifícanse visitas a empresas consolidadas do contorno (Inditex, SA, La Voz Audiovisual, ...).

A cafetería do centro é explotada en réxime de concesión administrativa, seguindo as instrucións da Consellería, por unha persoa física ou xurídica.

## 6.6. OUTRAS RELACIÓNS

No curso 2017/18 iniciouse a colaboración coa Delegación de Cruz Roja en Sada, facilitando espazos para a execución do proxecto de Intervención Familiar orientado a apoiar na súa función parental aos adultos de referencia dos rapaces – Obradoiro de Pais e Nais- colaborando na difusión do citado proxecto.

A Garda Civil colabora co centro a través do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, formando e concienciando ao alumnado dos perigos das TICs, Drogas e Alcol, Violencia de Xénero, Acoso Escolar, ...

## 7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

### 7.1. PRINCIPIOS XERAIS

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades; a inclusión educativa e a non discriminación, que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación coma unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade.
- A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido polo alumnado, familias , profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro educativo e a outras institucións educativas e locais.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da

- educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino-aprendizaxe como nos resultados.
- A cooperación e colaboración das administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

## 7.2. VALORES

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos e alumnas.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto polos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos e alumnas para regular a propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- A capacitación para a comunicación na lingua castelá e na lingua galega e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## 7.3. PRINCIPIOS PROPIOS DO CENTRO

O noso centro, configurado en base aos valores da Constitución, aséntase no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela. Así, inspírase nos seguintes principios:

- **Educación na liberdade:** a educación debe capacitar para unha libre elección entre as diversas opcións que na vida se ofrezan. Esta capacitación só se conseguirá se ademais de orientala como valor, se pon en práctica nas

- actividades docentes, na organización e funcionamento do centro.
- **Educación na responsabilidade:** a educación debe transmitir e formar na responsabilidade, ante os feitos e actuacións dos individuos, todo isto de forma progresiva, tendo en conta a súa madurez e idade. Fomentarase como valor no alumnado así como no resto dos compoñentes da comunidade educativa.
  - **Educación na paz e a tolerancia:** En educación deben transmitirse os hábitos tendentes a conseguir un clima de paz e tolerancia no centro educativo, de forma que se cree nos individuos unha cultura de “Non Violencia” e no respecto aos demais.
  - **Educación na igualdade e a diversidade:** A educación ha de estar exenta de todo tipo de discriminación, tender á igualdade social entre todos os individuos e atender á diversidade intelectual, cultural, social, etc. Evitaranse as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de calquera outra clase.
  - **Educación como integración:** A educación favorecerá a integración do alumnado
  - **Coeducación:** Eliminaranse na vida do centro toda discriminación por razón de sexo e favorecerase unha educación para a igualdade entre ambos sexos.
  - **Educación como participación.** A educación non é só transmisión individual de coñecementos, senón que abarca a formación integral da persoa, á que contribúen todos os compoñentes da comunidade educativa. Por iso a importancia da participación de tales compoñentes nas accións educativas e na necesidade de coordinación de esforzos na procura de obxectivos comúns.
  - **Educación na democracia.** A educación concíbese dentro do marco democrático, concebindo este como o mellor sistema e máis humano de participación social. A vida do centro, por tal motivo, debe ter presente este valor en todas as actuacións, formando cidadáns que participen ou poidan participar libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, capaces de respectar en todo momento as normas e leis vixentes.
  - **Educación como servizo.** A educación debe ser concebida como un servizo aos demais, exento de protagonismos persoais e exento de todo tipo de manipulación. Os compoñentes da comunidade educativa serán sempre conscientes de que a educación é unha formación integral de persoas para a vida na sociedade e que este obxectivo será sempre primordial.
  - **Educación con calidade.** A calidade é o valor imprescindible da educación, entendida esta como “satisfacción de necesidades do alumnado e das súas expectativas razoables”.

## 8. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

O noso centro concreta estes grandes valores e principios anteriormente expostos nos Obxectivos Xerais, entendendo estes como as **intencións, compromisos ou metas** que determinan e orientan todas as actividades e organización do centro docente.

## 8.1. NO ÁMBITO DO PROFESORADO

- Promover e facilitar a actualización científica e didáctica do profesorado co fin de mellorar a súa práctica docente.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan conseguir un ensino de calidade.
- Propiciar que o profesorado participe en proxectos de innovación, así como calquera tipo de proxectos institucionais que fomenten a acción investigadora.
- Consegur a participación do profesorado nas actividades xerais do centro e en aquelas que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo.
- Consegur que o profesorado propoña, planifique e asuma a realización de actividades complementarias e extraescolares así como que participe nas actividades programadas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Potenciar a participación na avaliación das programacións do departamento, dos Proxectos Curriculares e da súa práctica docente.
- Facilitar a participación do profesorado na Comisión de Coordinación Pedagóxica a través do/a Xefe/a de Departamento quen trasladará as súas propostas e inquiredanzas.
- Adecuar a realización das horas complementarias do profesorado ás necesidades do centro.
- Promover a colaboración activa do profesorado co Departamento de Orientación coñecendo e cumprindo o Plan de Acción Titorial e o de Orientación Académica e Profesional.
- Facilitar aquela información que precise o profesorado de nova incorporación para a súa integración plena das actividades do centro educativo.
- Fomentar que o profesorado participe activamente nas tarefas que realice o departamento de Orientación e especialmente naquelas destinadas ao alumnado con algún tipo de necesidade.
- Favorecer todas aquelas iniciativas de colaboración entre os distintos departamentos e o tratamento interdisciplinar de actividades a realizar co alumnado e de forma especial nos temas transversais do currículo.

## 8.2. NO ÁMBITO DO ALUMNADO

- Consegur a participación plena do alumnado na vida do centro, non como meros receptores senón como impulsores da súa propia formación.
- Consegur un clima de responsabilidade que fomente a convivencia.
- Facilitar a atención ao alumnado por parte do profesorado, para ser asesorados en cuestións docentes.
- Dar a coñecer a principio de curso, aquela información que precise para a súa integración no centro e de forma especial os obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva nas áreas ou materias que curse.
- Fomentar o funcionamento da Xunta de Delegados como medio de canalizar as inquiredanzas, problemas e espírito de colaboración na dinámica do centro.
- Informar ao alumnado da súa marcha escolar, os seus progresos e

dificultades na súa aprendizaxe e as posibles solucións mediante unha orientación axeitada.

- Promover unha relación estreita entre o alumnado e o Departamento de Orientación, co fin de que poida recadar calquera axuda especializada que precisen, mantendo unha especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado de diversificación.
- Promover a participación activa do alumnado na clase, tomando en conta as súas suxestións e intereses.
- Ter en conta a diversidade de motivacións, capacidades e intereses do alumnado nas programacións das distintas áreas ou materias así coma nas actividades de aula e nas actividades complementarias e extraescolares.

### 8.3. NO ÁMBITO DAS FAMILIAS

- Manter unha fluída relación coas familias, como colaboradoras que son do proceso educativo e informadas de forma periódica da marcha do proceso educativo do seu fillo ou filla, co fin de mellorar ou mellorar as dificultades que puideran existir.
- Potenciar as asociacións de pais e nais de alumnos, facilitando a súa incorporación na vida do centro, como medio de canalización das inquietudes dos pais e alentando a súa participación nas actividades do centro.
- Informar aos pais periódica e oportunamente, sobre o rendemento académico dos seus fillos, a marcha do seu proceso educativo e as actividades que se realizan.
- Impulsar as entrevistas do titor/a e/ou profesorado coas familias co fin de informadas de aspectos relacionados cos seus fillos.
- Fomentar actividades que propicien a participación das familias e dos restantes compoñentes da comunidade educativa.

### 8.4. NO ÁMBITO DO PERSOAL NON DOCENTE

- Considerar as suxestións do persoal de administración e servizos encamiñadas á mellora do funcionamento do centro e ao respecto ás normas de convivencia.
- Promover a participación dos seus representantes no Consello Escolar e valorar adecuadamente a súa labor profesional e a súa colaboración co funcionamento do centro.
- Fomentar actividades complementarias e extraescolares nas que participen de forma activa o persoal non docente, conxuntamente co resto dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conseguir a colaboración do persoal non docente co profesorado no control das instalacións, medios e servizos.
- Informar adecuadamente, coa colaboración do persoal de administración e servizos, aos membros da comunidade educativa e as persoas alleas ao centro que requiran calquera tipo de información.
- Valorar adecuadamente os esforzos do persoal de administración e servizos tendentes á mellora no funcionamento do centro.



## 9. SINAIS DE IDENTIDADE

### 9.1. ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR

- Educación dixital. Centro integrado no Proxecto E-Dixgal desde o curso 2017/18.  
Curso 2021/22, implantación en toda a ESO. Materias impartidas en dixital  
1º e 2º ESO: todas agás Inglés.  
3º e 4º ESO: todas agás Inglés, Francés e Lingua Galega e Literatura.
- Tolerancia cero ante a violencia e o acoso escolar.
- Aprender facendo: Espazos Maker, Club de Ciencia, Polos Creativos.  
Curso 2020/21: Centro distinguido co terceiro premio de Innovagal.
- Promoción de estilos de vida saudables.
- Mellora das competencias lingüísticas do alumnado en linguas estranxeiras.  
Curso 2021/22: Implantación Sección Bilingüe. Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Curso: 3º ESO. Idioma: Inglés

Achegar esta oportunidade formativa ao alumnado é unha prioridade para o centro na estratexia de internacionalización iniciada no curso 2019/20. Supón un paso máis na aprendizaxe integral.

Logo da vivencia educativa do Covid-19, as ferramentas, materiais e propostas terán un apoio dixital prioritario. Dado que os materiais na rede en inglés son moitos, e no campo visual temos moitas ferramentas de uso online, esta materia resultará especialmente interesante ao alumnado.

Obxectivos

- Reforzar a aprendizaxe de lingua estranxeira e o desenvolvemento de forma oral na mesma.
- Proporcionar ao alumnado un espazo no que se potencia a comunicación en lingua estranxeira.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe tanto nos contidos propios da materia como da lingua estranxeira.
- Interpretar e producir mensaxes nunha lingua estranxeira co fin de enriquecer as posibilidades de comunicación.
- Valorar o sentimento de independencia que supón a comunicación nunha lingua estranxeira.
- Expresar e comunicar ideas e decisión adoptadas ao longo das actividades de ensino-aprendizaxe na lingua estranxeira.

Carácter instrumental

- Reforzar o carácter instrumental dos coñecementos lingüísticos.
- Desvincular a aprendizaxe de linguas dos espazos específicos das materias de lingua estranxeira.

- Transmitir ao alumnado a utilidade da lingua estranxeira como ferramenta de comunicación nos distintos ámbitos.
- Ampliar o espectro de fontes de información aos recursos en lingua estranxeira.
- Potenciar a utilización de recursos escritos ou audiovisuais en lingua estranxeira
- como fonte de coñecementos non só lingüísticos.
- Elaboración de traballos e recursos en lingua estranxeira que poidan ser utilizados como fonte de información polo alumnado.
- Potenciar a comunicación noutra lingua con compañeiros ou amizades.

#### Estratexias Metodolóxicas

- Método de proxectos individuais. Cunha exposición final na que a linguaxe da presentación será en inglés. Emprego progresivo da lingua estranxeira.
- Método de proxectos grupais. Favorecendo o emprego do inglés para a resolución de cada parte do traballo, desde a choiva de ideas ata vocabulario específico e a resolución de cada proxecto entre o alumnado.
- Método lección maxistral. Explicación teórica da lingua estranxeira necesaria para a súa comprensión. O emprego da lingua estranxeira implementárase ao coñecer o vocabulario específico de cada tema.
- Método analítico. Neste caso favorecerase o emprego de fontes primarias en inglés.

Tal e como establece a *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario*.

*A incorporación dun alumno ou unha alumna a unha sección bilingüe requirirá a autorización por escrito dos pais, nais ou titores/as legais.*

Por acordo de Claustro e Consello (sesións ordinarias celebradas o 2 de xuño de 2021), as condicións de acceso do alumnado estarán determinadas polas cualificacións das materias de:

Inglés (2º ESO).

Educación Plástica, Visual e Audiovisual (1º ESO).

## 9.2. OFERTA ESPECÍFICA

FORMULARIO MATRÍCULA ESO				
<input type="checkbox"/> 1º ESO	<input type="checkbox"/> 2º ESO	<input type="checkbox"/> 3º ESO	<input type="checkbox"/> 4º ESO	
			<input type="checkbox"/> Enseñanzas Académicas	<input type="checkbox"/> Enseñanzas Aplicadas
Bioloxía e Xeoloxía E. Física E. Plástica, Visual, Audiov L. Galega e Literatura L. Castelá e Literatura Matemáticas Matemáticas Tecnoloxía e Dixitalización Xeografía e Historia	E. Física Física e Química L. Galega e Literatura L. Castelá e Literatura Matemáticas Música Tecnoloxía Xeografía e Historia	Bioloxía e Xeoloxía E. Física E. Plástica, Visual, Audiov <b>Elixir unha opción</b> <input type="checkbox"/> Bilingüe <input type="checkbox"/> Non bilingüe E. Valores Cívicos e Éticos Física e Química L. Galega e Literatura L. Castelá e Literatura Matemáticas Música Xeografía e Historia	E. Física L. Castelá e Literatura L. Galega e Literatura Xeografía e Historia Matemáticas Académicas	E. Física L. Castelá e Literatura L. Galega e Literatura Xeografía e Historia Matemáticas Aplicadas
Primeira L. Estranxeira <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés
	<b>Elixir unha materia (numerar por orde de preferencia)</b> <input type="checkbox"/> Afondamento 1ª L. Estranxeira <input type="checkbox"/> Reforzo Matemáticas <input type="checkbox"/> E. Financeira (só en 1º ou 2º ESO) <input type="checkbox"/> Laboratorio Educación Plástica, Visual e Audiovisual <input type="checkbox"/> Programación (só en 1º ou 2º ESO) <input type="checkbox"/> Promoción Estilos Vida Saudable		<b>Elixir unha opción</b> <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía Física e Química <input type="checkbox"/> Economía Latín	<b>Elixir dúas materias (numerar por orde de preferencia)</b> <input type="checkbox"/> Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional <input type="checkbox"/> Iniciación Actividade Emprendedora <input type="checkbox"/> Tecnoloxía
Segunda L. Estranxeira (Cursará a que non elixa como primeira) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Segunda L. Estranxeira (Cursará a que non elixa como primeira) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	<b>Elixir unha materia:</b> <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (só en 3º ou 4º ESO) <input type="checkbox"/> Educación dixital <input type="checkbox"/> Oratoria (só en 3º ou 4º ESO) <input type="checkbox"/> Segunda L. Estranxeira	<b>Elixir dúas materias (numerar por orde de preferencia)</b> <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (de non ser cursada en 3º ESO) <input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Segunda L. Estranxeira <input type="checkbox"/> TIC <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional <input type="checkbox"/> Iniciación Actividade Emprendedora e Empresarial <input type="checkbox"/> Tecnoloxía	
<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial	<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores Éticos	<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial	<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores Éticos	<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Valores Éticos
Titoría	Titoría	Titoría	Titoría	Titoría

FORMULARIO MATRÍCULA BACHARELATO			
<input type="checkbox"/> 1º BACHARELATO CIENCIAS E TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> 1º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> 2º BACHARELATO CIENCIAS	<input type="checkbox"/> 2º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
E. Física Filosofía L. Galega e Literatura I L. Castelá e Literatura I	E. Física Filosofía L. Galega e Literatura I L. Castelá e Literatura I	Historia de España L. Galega e Literatura II L. Castelá e Literatura II	Historia de España L. Galega e Literatura II L. Castelá e Literatura II
Primeira L. Estranxeira I <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira I <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira II <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	Primeira L. Estranxeira II <b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés
Matemáticas I  <b>Elixir dúas materias</b> <input type="checkbox"/> Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Tecnoloxía e Enxeñería I	<b>Elixir unha materia</b> <input type="checkbox"/> Latín I (HUMANIDADES) <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (C. SOCIAIS)  <b>Elixir dúas materias</b> <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Historia Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Latín I <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CC SS I	Matemáticas II  <b>Elixir unha opción</b> <input type="checkbox"/> Bioloxía Química  <input type="checkbox"/> Física Química  <input type="checkbox"/> Física Debuxo Técnico II  <input type="checkbox"/> Bioloxía Xeoloxía	<b>Elixir unha opción</b> <input type="checkbox"/> HUMANIDADES Latín II Historia da Filosofía  <input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS Matemáticas Aplicadas CC SS II Historia da Filosofía  <b>Elixir unha materia</b> (numerar por orde de preferencia) <input type="checkbox"/> Economía da Empresa <input type="checkbox"/> Historia da Arte <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Xeografía
<b>Elixir unha materia</b> (numerar por orde de preferencia)		<b>Elixir materias ata sumar 8 sesións</b> (dúas ou tres materias deberán ser negritas)	
<input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> 2ª L. Estranxeira Francés I <input type="checkbox"/> Literatura Galega do S.XX e a Actualidade <input type="checkbox"/> TIC I  <input type="checkbox"/> Matemáticas I <input type="checkbox"/> Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Tecnoloxía e Enxeñería I <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CC SS I		<input type="checkbox"/> <b>Relixión católica (1 sesión)</b> <input type="checkbox"/> Afondamento 1ª L. Estranxeira (1 sesión) <input type="checkbox"/> Actividade física (2 sesións) <input type="checkbox"/> Electrotecnia (2 sesións) <input type="checkbox"/> Ética e Filosofía do Dereito (2 sesións) <input type="checkbox"/> Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía (2 sesións) <input type="checkbox"/> Métodos Estatísticos e Numéricos (2 sesións) <input type="checkbox"/> Xeografía e Historia de Galicia (2 sesións) <input type="checkbox"/> Literatura Galega do S. XX e da Actualidade (2 sesións)  <input type="checkbox"/> <b>Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (3 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Debuxo Artístico II (3 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Historia da Música e da Danza (3 sesións)</b>	
<b>Elixir unha materia</b>		<input type="checkbox"/> <b>Psicoloxía (3 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>2ª L. Estranxeira Francés II (3 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Tecnoloxía Industrial II (3 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>TIC II (3 sesións)</b>  <input type="checkbox"/> <b>Matemáticas II (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Bioloxía (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Debuxo Técnico II (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Física (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Química (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Xeoloxía (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Matemáticas Aplicadas ás CC SS II (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Economía da Empresa (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Latín II (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Grego II (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Historia da Arte (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Historia da Filosofía (4 sesións)</b> <input type="checkbox"/> <b>Xeografía (4 sesións)</b>	
<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> 1ª L. Estranxeira I <input type="checkbox"/> Matemáticas I	<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> 1ª L. Estranxeira I <input type="checkbox"/> Latín I (HUMANIDADES) <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CC SS I (CIENCIAS SOCIAIS)		

## SOLICITUDE DE MATRÍCULA MÓDULOS III, IV ESA

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA

### ENSINANZAS BÁSICAS PARA PERSOAS ADULTAS

Nº de matrícula																				
-----------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

ANTES DE CUBRIR ESTE IMPRESO, COMPROBE QUE CORRESPONDE Á ETAPA EDUCATIVA EN QUE DESEXA REALIZAR A MATRÍCULA

NON CUBRIR OS ESPAZOS SOMBREADOS  
ESCRIBA CON LETRA MAIÚSCULA E CLARA

ESTA MATRÍCULA ESTÁ CONDICIONADA Á COMPROBACIÓN DOS DATOS, DE CUXA VERACIDADE SE RESPONSABILIZA A PERSOA ASINANTE

### MATRÍCULA

<b>1</b>		<b>DATOS PERSOAS DO/DA SOLICITANTE</b>																								
PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	DNI/PASAPORTE OU EQUIVALENTE																					
DATA DE NACEMENTO		SEXO <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller		NACIONALIDADE	TELÉFONO/S																					
<table border="1"> <tr> <td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td> </tr> </table>																										
DOMICILIO: RÚA, PRAZA, AVENIDA E NÚMERO																										
MUNICIPIO/LOCALIDADE			PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL																						
CORREO ELECTRÓNICO			REPETIR CORREO ELECTRÓNICO																							

<b>2</b>	<b>DATOS MATRÍCULA</b>						
ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS PARA PERSOAS ADULTAS (marcar cun x o nivel elixido)							
<table border="1"> <thead> <tr> <th>NIVEL DE ENSINANZAS</th> <th>CENTRO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Nivel I</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Nivel II</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		NIVEL DE ENSINANZAS	CENTRO	Nivel I		Nivel II	
NIVEL DE ENSINANZAS	CENTRO						
Nivel I							
Nivel II							
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS ADULTAS. (marcar cun x o nivel e a modalidade elixida)							
IDIOMA: <input type="checkbox"/> INGLÉS <input type="checkbox"/> FRANCÉS <input type="checkbox"/> PORTUGUÉS							
P: presencial, S: semipresencial, D: distancia							

<b>3</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>

<b>4</b>	<b>SOLICITUDE, DECLARACIÓN, LOCALIDADE, DATA E SINATURA</b>
A persoa que asina abaixo DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude e SOLICITA a matriculación no nivel e ámbito anteriormente citado.	
En ....., o .....de .....de 20..	O/A FUNCIONARIO/A  Selo do centro docente
O/A SOLICITANTE	
Asdo.:.....	

### 9.3. SERVIZOS

O centro conta con servizo complementario de transporte.

#### 9.3.1. NORMATIVA

*Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Artigo 3. Información ao alumnado e ás súas familias.*

*Os centros docentes farán público o seu proxecto educativo e facilitarán a nis, pais, titoras e titores legais a información necesaria para o procedo de escolarización. Así mesmo, informarán dos recursos específicos ou especiais e dos servizos complementarios de que dispoñan.*

*Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Artigo 6. Acceso a servizos complementarios*

- 1. O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas territoriais, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola consellería.*
- 2. Excepcionalmente, terán dereito aos servizos complementarios as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro con carácter forzoso.*
- 3. A solicitude destes servizos efectuarase nos centros públicos na forma indicada na disposición adicional segunda desta orde.*

#### 9.3.2. PLANIFICACIÓN DO SERVIZO

Cada curso académico a dirección realiza a planificación de transporte conforme ás *Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a xestión do servizo de transporte escolar* e que diferencia entre:

#### **USUARIO LEXÍTIMO**

**Serán usuarios lexítimos do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.**

Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar **escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida**, ou contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola administración educativa. No caso de contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola administración educativa a administración valorará excepcionalmente ampliar provisionalmente a ruta afectada se os tempos permiten a realización do servizo ou entregar axuda compensatoria.(Debe aportarse copia ou certificarse).

## AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS

**O alumnado que non teña carácter de usuario lexítimo do transporte escolar**, poderá solicitar o uso do servizo con carácter excepcional.

**Os usuarios excepcionais non poden solicitar o establecemento de novas paradas.**

Aqueles usuarios excepcionais que soliciten facer uso do transporte escolar poderán ser autorizados para o seu uso excepcional se cumpren os seguintes requisitos:

- Existan **prazas dispoñibles** reservadas para escolares no correspondente autobús
- Utilizan unha parada xa existente, sen modificación das rutas nin creación de novas paradas.
- Non teñen necesidade de incorporación de acompañante.

Esta autorización terá carácter **provisional e revogable**. O alumnado non poderá facer uso do transporte ata recibir a autorización de uso excepcional.

## ASIGNACIÓN DE DÚAS PARADAS

É posible nos supostos de **custodia compartida e conciliación da vida familiar e laboral** sempre que se solicite a utilización dunha parada xa existente e **existan prazas dispoñibles** no autobús solicitado.

Para a súa concesión será necesaria:

- a petición formal e expresa,
- a xustificación documental acreditativa da situación familiar e
- compromiso de utilización continuada ao longo de todo o curso escolar.

As prazas por **custodia compartida** serán asignadas pola dirección do centro de ensino como usuarios lexítimos na segunda parada, sempre que cumpran os seguintes requisitos respecto a segunda residencia: distancia ó centro superior a 2 km e a segunda residencia está dentro da zona de influencia do centro.

As prazas por **conciliación familiar** serán asignadas pola dirección do centro de ensino como usuarios excepcionais na segunda parada.

### 9.3.3. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO.

- **Ruta 1 (Mandín-Cruce de Samoedo):** Paradas  
IES Isaac Díaz Pardo, Cruce de Samoedo, O Castro, Arrancapinos, Obra do Paño, Espírito Santo, Coiro, Soñeiro 1, Lugar de Costa 20A, Mandín
- **Ruta 2 (Transporte Integrado, Xeitosiña-Tarabelo):** Paradas  
IES Isaac Díaz Pardo, Tarabelo, Mondego 1, Mondego 2, Mosteirón 1, Mosteirón 2, Castelo, Osedo 1, Osedo 2, Seixeda, Xeitosiña
- **Ruta 3 (Castelo 2, Aldea de Carta):** Paradas  
IES Isaac Díaz Pardo, Aldea de Carta, Meirás, Pé do Muíño, Penedo, Souto da Igrexa 2, Souto da Igrexa 1, Vilar 1, Vilar 2, Castelo 1, Castelo 2
- **Ruta 4 (Carnoedo-Fontán):** Paradas  
IES Isaac Díaz Pardo, Fontán (Casa dos mariñeiros), Pazos 1, Pazos 2, Carnoedo
- **Ruta 5 (Riobao-Fontán):** Paradas  
IES Isaac Díaz Pardo, Fontán (Casa dos mariñeiros), Veigue 2, Veigue 1, A Valexa, Taibó (Caínzo), Taibó 1, Souto 1, Souto nº 83, Souto nº2, Veloi, Riobao

Co fin de garantir o bo uso do servizo de transporte escolar gratuito, o alumnado empregará carné de usuario.